



Resolución reitoral pola que convocan Bolsas para a realización de Microcredenciais incluídas no “Plan de desenvolvemento de microcredenciais universitarias” no marco do compoñente 21, investimento 6 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola UNIÓN EUROPEA-Next Generation EU

Ao abeiro do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo, o Consello de Ministros aprobou en abril de 2021 o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e en abril de 2023 aprobou unha addenda.

Entre as medidas recollidas no mencionado plan está o desenvolvemento de microcredenciais universitarias.

As microcredenciais son cursos de formación universitaria cuxo obxectivo é impulsar a recualificación da poboación adulta mediante formacións breves, flexibles, modulares, acumulables e orientadas á adquisición de habilidades e competencias concretas requiridas no ámbito laboral.

En decembro de 2023, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades acordou a efectiva distribución dos créditos ás respectivas comunidades autónomas e formalizáronse os compromisos derivados.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten asinado o 2 de maio de 2025 un convenio coas Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela para o desenvolvemento e execución das microcredenciais no marco do compoñente 21, investimento 6 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O devandito convenio inclúe na cláusula segunda a convocatoria de bolsas a persoas en situación de desemprego e outros factores de vulnerabilidade social, para facilitar o acceso á recualificación.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para o estudiantado matriculado en Microcredenciais incluídas no “Plan de desenvolvemento de microcredenciais universitarias” que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.





Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, no que non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente

Alfonso Lago Ferreiro

CSV : GEN-551c-1084-bdbd-8a81-17f4-af31-5394-06e5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 09/04/2026 11:30 | NOTAS : F





ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE MICROCREDENCIAIS INCLUÍDAS NO PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE MICROCREDENCIAIS UNIVERSITARIAS

1. OBXECTO

Esta convocatoria está prevista no Plan Estratégico de Subvencións da Universidade de Vigo como acción destinada ao cumprimento do obxectivo “captar estudiantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria” mediante o financiamento do importe dos prezos públicos de matrícula das microcredenciais incluídas no Plan de desenvolvemento de microcredenciais universitarias, e dando resposta ás necesidades relacionadas coa formación permanente, de xeito que contribúa á cohesión social e a reducir as desigualdades.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá solicitar bolsa o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar ou ter estado matriculado/a nalgunha das microcredenciais sinaladas no Anexo II.
- b) Ter de 25 a 64 anos, cumpridos a data do comezo do curso.
- c) Atoparse no prazo de presentación de solicitudes nalgunha das seguintes situacións:
 - Discapacidade acreditada polo organismo competente da comunidade autónoma
 - Desemprego acreditada polo Servizo Público de Emprego da comunidade autónoma
 - Violencia de xénero acreditada de acordo co establecido na base quinta.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Este programa está financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU. Os fondos destinados a esta convocatoria irán con cargo á aplicación orzamentaria 2026 MICR 121DMRR 482.99, sendo o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria de 109.126 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía máxima será o importe dos prezos públicos aboados polo estudiantado, unha vez aplicados os descontos que corresponda, a cal estará suxeita á retención fiscal que estableza a normativa vixente nesta materia.





3. O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia á conta bancaria en España indicada na solicitude e da que deberá ser titular. Así mesmo poderá realizarse o abono da axuda mediante o procedemento de pago en formalización para o estudiantado que teña importes de prezos públicos pendentes de aboar.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do formulario en liña dispoñible na secretaría virtual da Universidade

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/15430

O modelo específico de presentación de solicitudes será de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e rematará o **27 de abril de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegárase:

1. De acordo cos modelos anexos IV:B da Orde HFP/1030/2021, e IV.C) :

- a) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais (relativos ao dano significativo ao medio ambiente, conflitos de intereses, entre outros), establecidos no PRTR y que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión (ANEXO IV.C)
- b) Consentimento ás cesións de datos entre administracións públicas (ANEXO IV.B).

2. No seu caso, a documentación acreditativa de vítima de violencia de xénero acreditada de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola secretaría ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza condenatoria no orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou teña sido o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.





- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos, méritos alegados e para o cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa correspondente aos fondos NextGenerationEU.

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. COMPROBACIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 28 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública*, para a tramitación deste procedemento consultaránse de xeito electrónico os seguintes datos en poder das administracións públicas, agás no caso de que se opoña expresamente:

- Discapacidade
- Desemprego

No caso de existiren oposición, ou que as administracións non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá enviar os documentos que acheguen información a bolsasformacion@uvigo.es no prazo de solicitudes.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de denegación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. A selección efectuarase pola Área de bolsas dándolle prioridade ás persoas que se atopen na situación de desemprego ata o esgotamento de orzamento.

4. Unha vez efectuada a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación, debendo empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual.

6. Unha vez revisadas as alegacións, a Sección de Axudas e Bolsas enviaralle a proposta ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.





As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das bolsas e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas, a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

7. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adjudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

8. As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento.

As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Cumprir as obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre o financiamento comunitario das medidas incluídas no PRPR.
- Cumprir as obrigas en materia de conservación da documentación contempladas no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre o financiamento comunitario das medidas incluídas no PRPR.

As persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas estará obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.





11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)





ANEXO II
Listaxe Microcredenciais

Título
A avaliación da aprendizaxe en titoría: fundamentos e instrumentos
A Contabilidade e a Xestión Orzamentaria ante o reto da Integridade Pública
A Xestión de Fondos ante o reto da Integridade Pública: As Subvencións Públicas
Abordaxe al paciente crítico
BIM para Construción Industrializada
Certificación Universitaria como directivo público profesional no eido da sanidade
Corrección de textos literarios e docentes en español
Creación e escritura de series
Creadores de experiencias turísticas no rural: turismo policéntrico sostible e turismo de autor
Curso de Coordinación de acceso
Curso de iluminación de espectáculos
Derecho Procesal Laboral sobre Medios de Impugnación, Recursos e Procesos de Execución
Derecho Procesal Laboral sobre Proceso Ordinario
Derecho Procesal Laboral sobre Procesos especiais
Discapacidade de Xénero: unha mirada de xénero interseccional
Diseño y evaluación de programas a través de prácticas artísticas
Ecografía musculoesquelética aplicada á fisioterapia
Elaboración de nóminas e xestión da Seguridade Social (SS)
Espectrografía de RMN y espectometría de masas en la práctica
Fabricación de Elementos para Construción Industrializada
Ferramentas de comunicación para PEMES
Fisioterapia en uroginecoloxía: fundamentos e aplicación clínica
Fundamentos de Enxeñaría Aplicada ao Sector Espacial.

CSV : GEN-551c-1084-bdbd-8a81-17f4-af31-5394-06e5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 09/04/2026 11:30 | NOTAS : F





Habilidades Brandas Ourense
Habilidades Brandas Pontevedra
Habilidades Brandas VIgo
Herramientas de gestión eficaz para la mejora de la calidad asistencial en Salud
IA para gestión de PYMES (Introducción)
Impulsar e xestionar Comunidades Enerxéticas Renovábeis
Iniciación aos Sistemas de Información xeográfica e modelado do risco de incendios forestais
Inmersión inicial en cultura, lingua e comunicación coreana para negocios
Inteligencia artificial generativa aplicada a la gestión universitaria
Inteligencia Artificial y Derecho público (Aplicación práctica de la IA en la gestión del sector público)
Introducción a las urgencias y emergencias
Introducción al Doblaje
Introducción aos Sistemas Intelixentes para Enxeñería
Liderado Inclusivo e Equidade de Xénero en Organizacións Sanitarias
LinkedIn Accelerator.Posicionamiento y Autoridad Profesional.
Microscopía Electrónica de Varrido
Modelado e Control de Accionamentos PMSM con MATLAB-Simulink
Neurodivergencias en el aula. Herramientas para una educación inclusiva
Pilates Reformer para fisioterapeutas
Primeros pasos en la práctica de peritajes forenses informáticos
Seguridad en Feiras e Atraccións
Seguridad industrial aplicada al H2 verde
Soporte Vital Básico e desfibrilador externo semiautomático. SVB+DESA
Técnicas aplicadas nun laboratorio de análise instrumental
Técnicas de caracterización química de superficies: XPS
Terapias Respiratorias Domiciliarias
Tutores de Empresa

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. : GEN-551c-1084-bdbd-8a81-17f4-af31-5394-06e5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

CSV : GEN-551c-1084-bdbd-8a81-17f4-af31-5394-06e5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 09/04/2026 11:30 | NOTAS : F





Tutorizar a Formación Dual: diseño, acompañamento e avaliación en entornos compartidos
Uso de la IA para Mejorar la Práctica Docente
Utilización de la IA en los servicios sociales de las administraciones y de las entidades sociales
Xestión de Mantemento para Cosntrucción Industrializada

CSV : GEN-551c-1084-bdbd-8a81-17f4-af31-5394-06e5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 09/04/2026 11:30 | NOTAS : F





Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



ANEXO IV.B

Declaración de cesión e tratamento de datos

Don/Dona, DNI, na condición de solicitante dunha “Bolsa para a realización de Microcredenciais incluídas no “Plan de desenvolvemento de microcredenciais universitarias”” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)” e domicilio en, no desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 21 “ Modernización e dixitalización do sistema educativo para avanzar a un modelo personalizado, inclusivo e flexible, que se adapte ás necesidades de cada alumno”, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- a. nome do perceptor final dos fondos;
- b. nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- c. nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- d. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de devanditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión aos efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

..... de de 202....

CSV : GEN-551c-1084-bdbd-8a81-17f4-af31-5394-06e5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 09/04/2026 11:30 | NOTAS : F





Fdo.

CSV : GEN-551c-1084-bdbd-8a81-17f4-af31-5394-06e5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://run.gob.es/hsb0d8bw6q>

FIRMANTE(1) : ALFONSO LAGO FERREIRO | FECHA : 09/04/2026 11:30 | NOTAS : F





ANEXO IV.C

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Doña, DNI, solicitante dunha “Bolsa para a realización de Microcredenciais incluídas no “Plan de desenvolvemento de microcredenciais universitarias” e domicilio en, no desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 21 “ Modernización e dixitalización do sistema educativo para avanzar a un modelo personalizado, inclusivo e flexible, que se adapte ás necesidades de cada alumno” manifesta o seu compromiso cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco de devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

Así mesmo, manifesta que é coñecedor do financiamento da bolsa con cargo aos fondos do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU” e comprométese a efectuar as obrigacións establecidas en materia de información, comunicación e publicidade recollidas na normativa reguladora.

....., de de 202.....

Fdo.

